



GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL
“Asociación de Desenvolvemento da Comarca de
Bergantiños”

CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA LEADER
BERGANTIÑOS 2007-2013
AMPLIACIÓN ÁS ANUALIDADES 2014-2015

CENTRO COMARCAL DE BERGANTIÑOS - LG. A Camposa s/n - 15111 Malpica de Bergantiños (A Coruña) - Telf.: 981 70 73 77; Fax: 981 71 13 52; e-mail: info@adbergantinos.org



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

ÍNDICE

1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

2.- BENEFICIARIOS

3.- REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS

4.- LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA

5.- TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007 - 2013

6.- RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA

7.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

8.- BAREMO PARA A AVALIACIÓN DE PROXECTOS

9.- CADRO FINANCEIRO



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

Por acordo da Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños (GDR Bergantiños) - celebrada o 14 de marzo de 2014 - ábrese un novo prazo para a presentación de solicitudes de axuda con cargo ao Programa Leader Galicia 2007-2013 xestionado por este GDR, para as anualidades 2014 e 2015.

O novo prazo de presentación de solicitudes iníciase o día **17 de marzo de 2014** e remata o día **30 de marzo de 2015**.

2.- BENEFICIARIOS

Poderá ser beneficiario destas axudas calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do **GDR “Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños”**. Dentro desta categoría inclúense:

- As persoas físicas.
- As persoas xurídicas de carácter privado:
 - Sociedade Laboral
 - Sociedade Mercantil
 - Sociedade Civil
 - Sociedades Agrarias de Transformación
 - Cooperativas
 - Asociacións
 - Fundacións
 - Outros/as
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.
- As comunidades de bens NON poden ser beneficiarias.

Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER.



FEADER:
Europa inviste no rural



3.- REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS

- Estar localizados no ámbito territorial de actuación do GDR de Bergantiños, formado polos concellos de: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha (A), Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente.
- Axustarse á normativa sectorial que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalista, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos.
- Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- Que o investimento para o cal se solicita a axuda non estea iniciado.

4.- LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA

Os promotores deberán presentar, por rexistro de entrada, na oficina de atención ao público do **GDR “Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños”**, ubicada no edificio do Centro Comarcal de Bergantiños: Lg. A Camposa, s/n 15111 Buño – Malpica de Bergantiños, a documentación que de seguido se relaciona:

a) Solicitud de axuda en triplicado exemplar, segundo **modelo normalizado (modelo A)** que estará ao dispor dos interesados na sede do GDR así como na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Documentación (orixinal ou copia cotexada do orixinal polo GDR ou por notario):

1º Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser ocaso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.

2º Declaración censual tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

3º Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

4º Documentación acreditativa do requisito de peme (ou de empresa intermedia, de ser



o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, en que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, e informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude.

5º Declaración, en documento normalizado (**modelo B**), doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de minimis.

6º Resumo do proxecto en documento normalizado (**modelo C ou D**). Se se considera conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.

7º Orzamento de gastos desagregado por conceptos, con indicación, de ser o caso, daqueles que supoñan unha achega en especie ou unha execución con medios propios, segundo documento normalizado (**modelo E**).

8º Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías 50.000 € no suposto de obra ou os 18.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. As ofertas solicitadas deben coincidir en conceptos para facilitar a comparación entre elas (**modelo F**).

As entidades públicas de carácter local ou comarcal poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

9º Para proxectos produtivos, plan de empresa que abranguerá polo menos 5 anos, coa xustificación da súa viabilidade económico-financeira, e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados (**modelo C ou D**).



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

10º De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable. **O IVE soportado polos entes públicos non é subvencionable.**

11º No suposto de investimentos en explotacións agrarias, código de explotación agraria.

12º **Certificado de empadramento** ou autorización a Agader para obtelo no caso dos proxectos acollidos á **diversificación agraria**.

13º Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria.

14º Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

Os modelos normalizados necesarios para a presentación da documentación referida estarán ao dispor dos interesados na sede do GDR, así como na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5.-TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007 - 2013

O ámbito territorial cuberto polo Programa LEADER 2007-2013 para o GDR correspóndese coa totalidade dos concellos da comarca de Bergantiños que son os seguintes: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso. Este ámbito de actuación está integramente recollido no **Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010**, polo tanto as entidades singulares de poboación de máis de 2000 habitantes e os parques empresariais sitos na comarca de Bergantiños tamén están incluídos no territorio elexible do programa.

6.- PROGRAMA DO GRUPO E RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE

O diagnóstico do territorio de aplicación do programa, así como os obxectivos prantexados polo Grupo e o deseño da estratexia que se artella para a súa consecución, aparecen recollidos no Programa de Desenvolvemento presentado polo Grupo para concorrer á convocatoria do LEADER 2007 – 2013 e que se pode consultar integramente no seguinte enderezo web:
http://agader.xunta.es/EixoLeader_Gal.do

O programa LEADER Galicia 2007 – 2013 para os anos 2014 e 2015 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coa modificación das Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, no **DOG nº 247, do venres 27 de decembro de 2013 e pola súa modificación publicada no DOG nº 20, do xoves 30 de xaneiro de 2014.**



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

Así mesmo, o Programa Leader Galicia 2007-2013 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, na *“Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección”*. **DOG nº 115, luns 16 de xuño de 2008**, e pola súa modificación publicada no **DOG Nº 15 do Xoves, 22 de xaneiro de 2009**.

O réxime de axudas está dispoñible para a súa consulta nas oficinas do GDR “Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños”, e na páxina web do Grupo www.adbergantinos.org e na páxina web de AGADER <http://agader.xunta.es>

7.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

No marco do desenvolvemento de actuacións ou proxectos, tanto por parte de entidades públicas como privadas, a solicitude de axudas ofrecidas polos diversos organismos públicos é un aspecto contemplado recurrentemente.

Dende o GDR asesorarase aos promotores de actuacións naquelas axudas que mellor se adaptan as características do seu proxecto, chegando a complementar as ofrecidas no programa Leader 2007-2013 **no caso de que foran compatibles**. Así, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo gasto ou investimento, sempre que:

- O importe acumulado das axudas non exceda do custo total da actividade subvencionable.
- O importe acumulado das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado.

As axudas concedidas no marco do programa serán **incompatibles** con calquera outra que, para o mesmo gasto ou investimento, leven **cofinanciamento comunitario**, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros,...).

Ademais, no caso do GDR Bergantiños, o territorio inclúe concellos costeiros, comprendidos no ámbito de actuación do Fondo Europeo da Pesca. Por este motivo, débese **coordinar a**



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

estrutura do GDR coa estrutura do Grupo de Acción Costeira (GAC) que operará no territorio (Zona 3 “Costa da Morte”) nos seguintes termos:

- Con carácter xeral este Grupo entende que serán financiadas polo FEP as actuacións referidas ó sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, ou aquelas nas que os beneficiarios estean relacionados directamente coa actividade pesqueira.
- Con respecto ós proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios incluídos no Anexo I do Tratado, serán incluídos dentro do ámbito do GDR aqueles que se refiran a produtos do sector agrario, gandeiro e forestal, e no ámbito do GAC os relativos a produtos da pesca.
- Así mesmo, o GDR entende que como o LEADER lle otorga unha prioridade alta ós servizos relacionados coa axuda a persoas con dependencia e benestar social, estas actuacións deben entrar dentro do seu ámbito de competencia.
- A Asociación proporá ó Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte a creación dunha Comisión ou Grupo de traballo conxunto coa finalidade de adoptar as medidas oportunas que aseguren un nivel de investimento equilibrado en todo o seu ámbito territorial de actuación, de forma tal que naqueles concellos en que se apliquen os dous programas non se produza un sobrefinanciamento en relación con aqueloutros en que, por razón de localización xeográfica, só se vai aplicar un dos programas, prestando especial atención á non existencia de proxectos que opten a axudas en ambos Grupos.

8.- BAREMO PARA A AVALIACIÓN DE PROXECTOS

Unha vez que o promotor presente no GDR a súa solicitude de axuda, xunto coa documentación necesaria para a súa admisión, o GDR procederá a elaborar o **Informe de Control de Elixibilidade (ICE)** co resultado da avaliación e baremación do proxecto. O ICE informará de se o proxecto é elixible e da súa puntuación total para a posterior asignación da porcentaxe de axuda. Para a realización do ICE aplicarase o **BAREMO** para a avaliación de proxectos e que se presenta como **ANEXO I**. Existe un baremo diferenciado para proxectos produtivos e para proxectos non produtivos.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

9.- CADRO FINANCEIRO

O orzamento público para a aplicación do Programa LEADER 2007-2013 para as anualidades 2014 e 2015, no ámbito territorial do GDR é o importe da subvención asignada por **Resolución do 30 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, polo que se aproban os novos cadros financeiros dos grupos de desenvolvemento rural tras a aprobación do novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013**. O citado orzamento constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio. Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é produtivo ou non produtivo. Terán a consideración de **proxectos non produtivos** aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a ela, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. Serán **proxectos produtivos** os demais.

O Cadro Financeiro se presenta a continuación como **ANEXO II**.

O importe dispoñible para esta nova convocatoria das anualidade 2014 e 2015, resultará do remanente que poida quedar despois de emitir resolucións de axuda para aqueles proxectos que quedasen pendentes de resolución da convocatoria anterior, tal e como se establece no punto XVI. Réxime transitorio, das bases reguladoras. (DOG nº 247 do 27 de decembro de 2013).



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

ANEXO I: BAREMO PARA A AVALIACIÓN DE PROXECTOS



FEADER:
Europa inviste no rural



BAREMO PARA PROXECTOS PRODUCTIVOS

1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA (MÁXIMO 40 PUNTOS). (*)

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Este criterio valórase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

IMRF (% sobre media galega)	Concellos	Puntuación
<85%	Cabana	10
>=85% e <90%	Laxe, Malpica	7,5
>=90% e <95%	Coristanco, Ponteceso	5
>=95% e <=100%	Laracha	2,5
>100%	Carballo	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Este criterio valórase en función da variación da poboación do concello no que se localiza o proxecto entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

Porcentaxe variación poboación 2002 - 2007	Concellos	Puntuación
>0%	Carballo, Laracha	0
>=-3% e <=0%	Laxe	2,5
>=-6% e <-3%	Coristanco	5
>=-9% e <-6%	Cabana, Ponteceso	7,5
<-9%	Malpica	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Poboación	Puntuación
>= 2500	0
>=1000<2500	6
>=300<1000	8
>=0<300	10



1.4.- Núcleos de poboación por km² (máximo 10 puntos).

Para priorizar os proxectos que se implanten nos Concellos con máis núcleos de poboación e, polo tanto, con maiores necesidades de dotación de servizos, o GDR establece os seguintes rangos do ratio núcleos de poboación por km², asignando máis puntuación canto maior sexa dito ratio. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Núcleos / km ²	Concellos	Puntuación
<0,50	Laxe	2
>=0,50 e <0,60	Cabana, Malpica, Ponteceso	4
>=0,60 e <0,70	Coristanco	6
>=0,70 e <0,80	Carballo	8
>=0,80	Laracha	10

1.5.- Complementariedade coas intervencións doutros programas que se apliquen no territorio (máximo 10 puntos).

Para adoptar as medidas oportunas que aseguren un nivel de investimento equilibrado en todo o ámbito territorial de actuación do programa, e en concreto para que nos concellos en que se aplique o programa de desenvolvemento do GAC 3 “Costa da Morte”, non se produza un sobrefinanciamento en relación con aqueloutros en que, por razón de localización xeográfica, só se vai aplicar o programa de desenvolvemento rural promovido polo GDR Bergantiños, os proxectos localizados fóra do ámbito de aplicación do GAC recibirán unha puntuación extra de 10 puntos, sempre e cando non se supere a limitación máxima de 40 puntos por ubicación xeográfica.

Programas aplicados no territorio	Concellos	Puntuación
LEADER / GAC 3	Cabana, Carballo, Laracha, Laxe, Malpica, Ponteceso	0
LEADER	Coristanco	10

(*) No caso de proxectos que polas súas características estean localizados en dous ou máis lugares ou entidades poboacionais ou en todo o ámbito de actuación do programa, terase en conta sempre a puntuación máis alta que corresponda ó territorio afectado.



2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO (MÁXIMO 10 PUNTOS).

O GDR establece os seguintes criterios para favorecer aqueles proxectos promovidos por determinados colectivos: proxecto promovido por mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade, persoas con experiencia e / ou formación relacionada coa actividade a desenvolver. Ademais valórase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto de acordo co previsto no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Perfil promotores *	Puntuación
Muller	2
Xoven < 40 anos	2
Discapacitado/a	2
Experiencia / formación relacionada coa actividade **	0,5 puntos por ano acreditado de experiencia 0,5 puntos por cada 50 horas de formación relacionada coa actividade (max. 2 puntos)
Utilización do galego	2

(*) No suposto de sociedades estarase á participación maioritaria na titularidade do capital.

(**) A fracción non puntúa.

3.- INCIDENCIA NO EMPREGO (MÁXIMO 25 PUNTOS).

O GDR establece os seguintes criterios para avaliar a incidencia do proxecto sobre o emprego. O factor máis relevante é a creación de emprego neto. A estes efectos considérase a creación dun emprego a creación dun posto de traballo para unha persoa durante un ano laboral e xornada completos. Nas empresas xa existentes estarase á variación con respecto ó último exercicio pechado das unidades de traballo anual en relación coas existentes á posta en funcionamento do proxecto. O máximo de puntuación establecido é de 25 puntos en total.



Incidencia no emprego	Puntuación
Creación de emprego neto	1 punto por emprego creado (ou fracción) ou 2 puntos por cada emprego creado (ou fracción) con persoas con discapacidade (max. 20 puntos)
100% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos recollidos no “Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral,...”	3 adicionais
75% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos citados	2 adicionais
50% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos citados	1 adicional

Emprego creado por cada 100.000 € de investimento (nº empregos / investimento aceptado * 100.000)	Puntuación
De 0 a 1 ($>0 < 1$)	1
De 1 a 2 ($>=1 < 2$)	2
De 2 a 3 ($>=2 < 3$)	3
De 3 a 4 ($>=3 < 4$)	4
Maior de 4	5



4.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E TIPOLOXÍA DO PROXECTO (MÁXIMO 25 PUNTOS).

4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto (máximo 10 puntos).

A) Este criterio valora o posible efecto *multiplicador do proxecto e a súa capacidade motora para a economía da zona*, en función dos seguintes aspectos (máximo 6 puntos):

- transformación de produtos (agrarios, gandeiros, forestais ou industriais) da zona na fase de lanzamento da actividade.....2 puntos
- porcentaxe superior o 30 % de utilización, dentro dos inputs, de recursos endóxeos, que contribúan á valorización destes recursos, na fase de lanzamento da actividade (materias primas, produtos, servizos intermedios, persoal, etc.....).....2 puntos
- actividades que presentan sinerxías positivas con outras empresas e actividades existentes na zona na fase de lanzamento da actividade.....2 puntos
- posta en valor do patrimonio local (obxecto do proxecto relacionado ca recuperación ou posta en valor do patrimonio natural e cultural, material e inmaterial).....2 puntos

B) Neste apartado tamén se valora a *tipoloxía do proxecto*, segundo a táboa seguinte (máximo 4 puntos):

Tipoloxía de proxecto	Puntuación
Creación ou primeiro establecemento	4
Modernización	3

Consideraranse de **creación** os proxectos que dean orixe ó comezo dunha actividade produtiva e xeren postos de traballo (como mínimo 0,25 empregos); de **modernización** os que dean lugar á diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou a un cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.

4.2.- Incidencia medioambiental (máximo 5 puntos).

Este criterio valora o grao de incidencia medioambiental atendendo ós seguintes aspectos:

- proxectos baseados na xestión de recursos hídricos, e no seu uso eficiente.....1 punto
- contribución á prevención de incendios forestais.....1 punto
- existencia de recollida de residuos e alcantarillado na ubicación do proxecto.....1 punto
- proxecto construtivo axeitado á tipoloxía da zona.....1 punto
- localización de actividades molestas en solo industrial.....1 punto
- utilización de medidas correctoras dos impactos superiores ás esixidas pola normativa.....1 punto
- compromiso de obtención dos certificados de xestión ambiental ISO 9001 ou similar.....1 punto
- proxectos de redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio.....1 punto



4.3.- Outros criterios relacionados co impacto no territorio (máximo 10 puntos):

A) *Contribución ó desenvolvemento integral da zona, encaixe na estratexia do GDR (máximo 3 puntos).*

Contribución ó desenvolvemento integral da zona	Puntuación
O proxecto coincide plenamente coa estratexia do GDR	3
O proxecto é equiparable a outras accións incluídas dentro da estratexia do GDR	2

O proxecto **coincide plenamente coa estratexia do GDR** cando aparece relacionado nas actuacións da Parte III. Estratexia do Programa de Desenvolvemento do Grupo. O proxecto é **equiparable a outras accións incluídas dentro da estratexia do GDR**, cando pode ser encadrado dentro das fichas de elixibilidade pero non aparece relacionado expresamente na candidatura.

B) Este criterio valora o *grao de innovación* atendendo ós seguintes aspectos (*máximo 7 puntos*):

- novo produto ou servizo, ou novas aplicacións dos produtos no núcleo de poboación onde se localiza a actividade.....1 punto (*)
- novo produto ou servizo, ou novas aplicacións dos produtos no Concello onde se localiza a actividade.....3 puntos (*)
- novo produto ou servizo, ou novas aplicacións dos produtos no territorio do programa.....5 puntos (*)

(*) A puntuación destes tres aspectos non é acumulable. Se se puntúa o proxecto nun deles os outros dous quedarán sen computar.

- utilización de enerxías renovables.....1 punto
- incorporación das novas tecnoloxías da información e a comunicación.....1 punto



BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA (MÁXIMO 40 PUNTOS). (*)

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Este criterio valórase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

IMRF (% sobre media galega)	Concellos	Puntuación
<85%	Cabana	10
>=85% e <90%	Laxe, Malpica	7,5
>=90% e <95%	Coristanco, Ponteceso	5
>=95% e <=100%	Laracha	2,5
>100%	Carballo	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Este criterio valórase en función da variación da poboación do concello no que se localiza o proxecto entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

Porcentaxe variación poboación 2002 - 2007	Concellos	Puntuación
>0%	Carballo, Laracha	0
>=-3% e <=0%	Laxe	2,5
>=-6% e <-3%	Coristanco	5
>=-9% e <-6%	Cabana, Ponteceso	7,5
<-9%	Malpica	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto (máximo 10 puntos).

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Poboación	Puntuación
>= 2500	0
>=1000<2500	6
>=300<1000	8
>=0<300	10



1.4.- Núcleos de poboación por km² (máximo 10 puntos).

Para priorizar os proxectos que se implanten nos Concellos con máis núcleos de poboación e, polo tanto, con maiores necesidades de dotación de servizos, o GDR establece os seguintes rangos do ratio núcleos de poboación por km², asignando máis puntuación canto maior sexa dito ratio. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Núcleos / km ²	Concellos	Puntuación
<0,50	Laxe	2
>=0,50 e <0,60	Cabana, Malpica, Ponteceso	4
>=0,60 e <0,70	Coristanco	6
>=0,70 e <0,80	Carballo	8
>=0,80	Laracha	10

1.5.- Complementariedade coas intervencións doutros programas que se apliquen no territorio (máximo 10 puntos).

Para adoptar as medidas oportunas que aseguren un nivel de investimento equilibrado en todo o ámbito territorial de actuación do programa, e en concreto para que nos concellos en que se aplique o programa de desenvolvemento do GAC 3 “Costa da Morte”, non se produza un sobrefinanciamento en relación con aqueloutros en que, por razón de localización xeográfica, só se vai aplicar o programa de desenvolvemento rural promovido polo GDR Bergantiños, os proxectos localizados fóra do ámbito de aplicación do GAC recibirán unha puntuación extra de 10 puntos, sempre e cando non se supere a limitación máxima de 40 puntos por ubicación xeográfica.

Programas aplicados no territorio	Concellos	Puntuación
LEADER / GAC 3	Cabana, Carballo, Laracha, Laxe, Malpica, Ponteceso	0
LEADER	Coristanco	10

(*) No caso de proxectos que polas súas características estean localizados en dous ou máis lugares ou entidades poboacionais ou en todo o ámbito de actuación do programa, terase en conta sempre a puntuación máis alta que corresponda ó territorio afectado.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO. (MÁXIMO 20 PUNTOS).

O GDR establece os seguintes criterios para favorecer aqueles proxectos cun ámbito supramunicipal e/ou promovidos por entes supramunicipais co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio. En proxectos de promoción privada valórase tamén a implicación no proxecto de varias entidades; o peso nas entidades de determinados colectivos (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade). Ademais valórase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto de acordo co previsto no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Perfil promotores e ámbito do proxecto	Puntuación
Proxecto de ámbito supramunicipal (por concello beneficiado)	2
Promotor de ámbito supramunicipal	5
Proxecto participado por varias entidades (por entidade de distinto concello)	2
Promotor formado maioritariamente por mulleres	2
Promotor formado maioritariamente por mozos	2
Promotor formado maioritariamente por persoas con discapacidade	2
Utilización do galego	5

3.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO (MÁXIMO 40 PUNTOS).

3.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida (máximo 10 puntos).

Este criterio ten en conta os seguintes aspectos:

Volume de poboación beneficiada polo proxecto	Puntuación
Menos de 100 persoas	1
Entre 100 e 500 persoas	3
Máis de 500 persoas	5

Implantación de TIC no medio rural	Puntuación
O proxecto non contempla as TIC	0
O proxecto contempla as TIC	2
O proxecto se centra ou ten por obxecto as TIC	4

Proxectos relacionados coa formación e información no medio rural	Puntuación
Proxecto non relacionado con esta temática	0
Proxecto relacionado coa formación ou coa información no medio rural	2
Proxecto relacionado con ambas temáticas	4

Novos servizos á terceira idade e a outros colectivos menos favorecidos	Puntuación
Proxecto non relacionado con esta temática	0
Proxecto relacionado cos servizos á terceira idade	2
Proxecto relacionado con servizos a outros colectivos menos favorecidos	4



3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego (máximo 10 puntos).

Este criterio ten en conta os seguintes aspectos:

- mellora da formación do empresariado local.....3 puntos
- mellora das oportunidades de emprego e autoemprego das mulleres, dos xóvenes e das persoas con discapacidade.....4 puntos
- iniciativas que incentiven a cooperación entre empresas.....3 puntos
- por emprego creado vinculado ó proxecto (directa ou indirectamente).....1 punto

Considérase a creación dun emprego a creación dun posto de traballo para unha persoa durante un ano laboral e xornada completos. A fracción non puntúa.

3.3.- Incidencia medioambiental (máximo 10 puntos).

Este criterio valora o grao de incidencia medioambiental atendendo ós seguintes aspectos:

- proxectos baseados na xestión de recursos hídricos, e no seu uso eficiente.....2 puntos
- contribución á prevención de incendios forestais.....1 punto
- existencia de recollida de residuos e alcantarillado na ubicación do proxecto.....1 punto
- proxecto construtivo axeitado á tipoloxía da zona.....1 punto
- localización de actividades molestas en solo industrial.....1 punto
- utilización de medidas correctoras dos impactos superiores ás esixidas pola normativa.....1 punto
- compromiso de obtención dos certificados de xestión ambiental ISO 9001 ou similar.....1 punto
- proxectos de redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio.....1 punto
- utilización de enerxías renovables.....2 puntos
- proxecto baseado na valorización do patrimonio natural e/ou recuperación ambiental.....2 puntos
- proxecto baseado ou que incida na xestión sostible dos ríos, ribeiras e outros espazos ambientalmente sensibles.....2 puntos.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

3.4.- Incidencia sobre colectivos determinados (máximo 10 puntos).

Este criterio valora o grao de incidencia sobre colectivos determinados atendendo ós seguintes aspectos:

- promoción da igualdade entre o home e a muller, ou da calidade de vida da muller no medio rural.....3 puntos
- incidencia sobre a mellora social ou económica dos xóvenes menores de 30 anos.....3 puntos
- integración ou mellora das condicións sociais, económicas ou de vida de colectivos de especial dificultade (persoas con discapacidade, inmigrantes ou emigrantes retornados, persoas maiores,...).....4 puntos



REGRAS BÁSICAS

A puntuación mínima que deberá de obter un proxecto para ser subvencionado, establécese en 20 puntos, tanto para os proxectos produtivos como para os non produtivos. As porcentaxes de axuda para esa nota de corte e as puntuacións e porcentaxes máximos establecidos en cada caso serán os seguintes:

	Nota de corte	% Axuda	Nota máxima	% Axuda
Proxectos produtivos	20	30,00	70	45,00
Proxectos non produtivos. Prioridade alta	20	75,00	60	100,00
Proxectos non produtivos. Prioridade media	20	50,00	60	70,00
Proxectos non produtivos. Prioridade baixa	20	25,00	60	50,00

Tan só se admitirá unha solicitude de axuda por promotor en **proxectos de iniciativa privada, na mesma actividade (determinada segundo epígrafes do IAE nos que estea dada de alta a entidade solicitante) ou no mesmo término municipal**, en todo o período de vixencia do programa.

PROXECTOS PRODUTIVOS

En relación cos proxectos de carácter produtivo se establecen as seguintes limitacións ou condicións especiais segundo o caso:

Medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”:

- O investimento máximo elixible para proxectos promovidos no marco da medida 411 establécese en 150.000 € por proxecto.

Medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”:

- A **porcentaxe máxima de axuda** para proxectos promovidos por PEMES dentro desta medida, **queda fixada nun 35%** debido á finalización do período de aplicación do regulamento xeral de exención por categorías (CE nº 800/2008).
- Dentro desta medida o investimento máximo elixible admitido para **empresas de servizos agrarios e forestais (Agrupación 91 do IAE “Servizos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiros”)** queda limitado a 150.000 € por proxecto.



PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Para a determinación da prioridade dos proxectos non produtivos se estará ó disposto no documento da candidatura ou no punto “VI. Programas de Desenvolvemento Rural”, páxina 11.547 da orde de convocatoria (DOG nº 115, 16 de xuño de 2008).

Con data de 14 de xuño de 2013 a Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños, acordou aprobar a proposta de modificación da priorización de proxectos non produtivos do Programa Leader 2007-2013 para a súa aplicación no territorio de Bergantiños. Con data de 25 de xuño de 2013 presentouse solicitude de aprobación da devandita proposta a Agader. Con data 13 de agosto de 2013 recibíuse autorización de Agader para o cambio de prioridades na tipoloxía de proxectos non produtivos quedando establecidas do seguinte xeito:

Proxectos non-produtivos de prioridade alta. Intensidade de axuda ata o 100%:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.

Proxectos non-produtivos de prioridade media. Intensidade de axuda ata o 70%:

- Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co departamento sectorial competente.
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.

Outros proxectos non-produtivos. Intensidade de axuda ata o 50%:

- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística, co máximo dun proxecto desta tipoloxía por GDR e sempre que non exista unha iniciativa semellante.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais. Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípcas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio
- Todos os proxectos non contemplados nos dous apartados anteriores que podan ser elixibles e teñan a natureza de non produtivos.

Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal. Como resultado dese cálculo obtéñense as seguintes táboas de cálculo de porcentaxes de axuda segundo a tipoloxía de proxectos:

PROXECTOS PRODUCTIVOS

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	30,00	45	37,50
21	30,30	46	37,80
22	30,60	47	38,10
23	30,90	48	38,40
24	31,20	49	38,70
25	31,50	50	39,00
26	31,80	51	39,30
27	32,10	52	39,60
28	32,40	53	39,90
29	32,70	54	40,20
30	33,00	55	40,50
31	33,30	56	40,80
32	33,60	57	41,10
33	33,90	58	41,40
34	34,20	59	41,70
35	34,50	60	42,00
36	34,80	61	42,30
37	35,10	62	42,60
38	35,40	63	42,90
39	35,70	64	43,20
40	36,00	65	43,50
41	36,30	66	43,80
42	36,60	67	44,10
43	36,90	68	44,40
44	37,20	69	44,70
		70	45,00



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE ALTA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	75,0	40	87,5
21	75,6	41	88,1
22	76,3	42	88,8
23	76,9	43	89,4
24	77,5	44	90,0
25	78,1	45	90,6
26	78,8	46	91,3
27	79,4	47	91,9
28	80,0	48	92,5
29	80,6	49	93,1
30	81,3	50	93,8
31	81,9	51	94,4
32	82,5	52	95,0
33	83,1	53	95,6
34	83,8	54	96,3
35	84,4	55	96,9
36	85,0	56	97,5
37	85,6	57	98,1
38	86,3	58	98,8
39	86,9	59	99,4
		60	100,0

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE MEDIA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	50,0	40	60,0
21	50,5	41	60,5
22	51,0	42	61,0
23	51,5	43	61,5
24	52,0	44	62,0
25	52,5	45	62,5
26	53,0	46	63,0
27	53,5	47	63,5
28	54,0	48	64,0
29	54,5	49	64,5
30	55,0	50	65,0
31	55,5	51	65,5
32	56,0	52	66,0
33	56,5	53	66,5
34	57,0	54	67,0
35	57,5	55	67,5
36	58,0	56	68,0
37	58,5	57	68,5
38	59,0	58	69,0
39	59,5	59	69,5
		60	70,0



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE BAIXA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	25,0	40	37,5
21	25,6	41	38,1
22	26,3	42	38,8
23	26,9	43	39,4
24	27,5	44	40,0
25	28,1	45	40,6
26	28,8	46	41,3
27	29,4	47	41,9
28	30,0	48	42,5
29	30,6	49	43,1
30	31,3	50	43,8
31	31,9	51	44,4
32	32,5	52	45,0
33	33,1	53	45,6
34	33,8	54	46,3
35	34,4	55	46,9
36	35,0	56	47,5
37	35,6	57	48,1
38	36,3	58	48,8
39	36,9	59	49,4
		60	50,0



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

ANEXO II: CADRO FINANCEIRO



FEADER:
Europa inviste no rural



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

PROGRAMA LEADER GALICIA PLAN FINANCIERO 2014 - 2015

GDR: ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BERGANTIÑOS

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA		
		2014	2015	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivo	93.812,58	114.987,42	208.800,00
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivo	42.413,35	51.986,65	94.400,00
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivo	157.792,04	193.407,96	351.200,00
	Non productivo	65.417,20	80.182,80	145.600,00
	TOTAL	223.209,24	273.590,76	496.800,00
TOTAL ESTRATEXIA	Productivo	251.604,62	308.395,38	560.000,00
	Non productivo	107.830,55	132.169,45	240.000,00
	TOTAL	359.435,17	440.564,83	800.000,00
431. Gastos de funcionamento, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	45.896,48	45.896,48	91.792,95
	Promoción	11.474,12	11.474,12	22.948,24
	TOTAL	57.370,60	57.370,60	114.741,19
TOTAL PROGRAMA		416.805,77	497.935,43	914.741,19
			FEADER	686.055,89
			AXE	110.958,11
			XUNTA	117.727,19



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER:
Europa inviste no rural